

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 13 de maio de 2019, polo que se modifica o Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 6 de novembro de 2017 polo que se crea a escala técnica de tecnoloxías da información

Ao abeiro do disposto no artigo 22.2 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia creouse por disposición administrativa, en virtude do Acordo da Mesa da Cámara do 6 de novembro de 2017, a escala técnica de tecnoloxías da información (BOPG núm. 207, do 8 de novembro de 2017).

Faise necesario modificar o seu artigo 3 relativo ás titulacións exixidas para ingresar na referida escala, en execución da Sentenza 222/2019, do 2 de maio, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que estimou parcialmente o recurso contencioso-administrativo presentado contra o Acordo da Mesa da Cámara do 14 de novembro de 2017 polo que se modifica a convocatoria de probas selectivas para ingresar en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia e se aproban as súas bases (DOG 158, do 22 de agosto de 2017).

A Mesa da Cámara é o órgano institucional colexiado que, baixo a dirección da Presidencia, dirixe a Administración da Cámara e ten competencia para ditar disposicións administrativas [art. 1 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (DOG núm. 87, do 7 de maio de 2018)].

Polo anterior, a Mesa do Parlamento, ao abeiro do establecido no artigo 22.3 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia e no artigo 17 a) do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, na súa sesión do 13 de maio de 2019 dispón:

Artigo único. Modificación do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 6 de novembro de 2017, polo que se crea a escala técnica de tecnoloxías da información

Modifícase o artigo 3 do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 6 de novembro de 2017, polo que se crea a escala técnica de tecnoloxías da información, nos termos seguintes:

«Artigo 3. *Titulacións universitarias esixidas para ingresar na escala*

Para ingresar na escala técnica de tecnoloxías da información será preciso estar en posesión dalgunha das titulacións seguintes: diplomado/a universitario en Enxeñaría Informática ou Telecomunicacións; enxeñeiro/a técnico/a en Enxeñaría Informática ou Telecomunicacións; grao en Enxeñaría Informática ou Telecomunicacións, ou calquera outra titulación das tecnoloxías da información e as comunicacións.»

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta disposición administrativa entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

